

COMUNICADO 9 – CAMPUS DE VERÁN

8 de maio de 2025

Benqueridas familias:

Achéganse as vacacións de Verán e conciliar familia e traballo pode complicarse. É ante esta realidade, e ante a boa aceptación do Campus de Semana Santa, ante o cal dende o Club Salesianos Coruña facemos a nosa oferta, unha oferta deportiva e educativa, esta vez ampliada a seis modalidades distintas e incluimos, de novo, a posibilidade de servizo de comedor e de madrugadores.

A **modalidade A**, totalmente xestionada polo Club nas instalacións de Salesianos A Coruña, divide a mañá en dúas partes: unha adicada ao fútbol sala e a outra adicada ao baloncesto, os dous deportes de equipo que temos actualmente no Club.

As **modalidades B e C** traémolas da man de **Brava Surf**, cos que xa colaboramos moi satisfactoriamente en Semana Santa, e na que tamén dividiremos a mañá en dúas partes: unha adicada ao fútbol sala (modalidade B) ou ao baloncesto (modalidade C) e a outra adicada ao surf.



A parte de surf terá lugar, sempre que as condicións meteorolóxicas e marítimas o permitan, na praia do Orzán, ao lado das nosas instalacións, e nela desenvolveranse as actividades de surf e SUP (*Stand Up Paddle*). Cando as condicións meteorolóxicas e marítimas non o permitan, realizarase no ximnasio do pavillón a actividade de *surf & skate*.

Ampliamos a nosa oferta nesta ocasión coas **modalidades D, E e F**, nas que os nosos deportistas poderán pasar a metade da mañá practicando fútbol sala (modalidade D), baloncesto (modalidade E) ou surf (modalidade F), e a outra metade facendo actividades de tempo libre educativo (xogos, obradoiros, xincanas...) cos compañeiros do CX Abeiro nas súas Mañás de Verán.



En todas as modalidades, os deportistas deberán traer roupa apta para a práctica

deportiva, unha camiseta de reposto e auga (quen queira merenda, tamén). Nas modalidades que implican surf (B, C e F) tamén deberán traer un traxe de baño tipo piscina (para evitar roces co neopreno), chancletas, toalla e protección solar.

- ✓ **Para quen?:** Nenas e nenos que fagan Educación Primaria, no Colexio Salesiano ou noutro.
- ✓ **Cando?:** de luns a venres, de 9.30h a 14.00h, as seguintes semanas:
 - 23-27 de xuño (agás o 24).
 - 30 de xuño-4 de xullo.
 - 25-29 de agosto.
 - 1-5 de setembro.
- ✓ **Opción madrugadores:** Dende as 8.00h (15€ / semana, ou 4,50€ / día), en colaboración co CX Abeiro.
- ✓ **Opción servizo comedor:** De 14.00h a 15.30h, incluíndo a comida, xestionada por Arume (45€ / semana ou 10€ / día) e en colaboración co CX Abeiro.
- ✓ **Opción servizo friameira:** De 14.00h a 15.30h, pero sen incluír a comida, que deberán traer da casa, e en colaboración co CX Abeiro (15€ / semana, ou 4,50€ / día).
- ✓ **Como apuntarse?:** Nesta [ligazón](#) ata o 6 de xuño. Despois só se poderán facer novas inscricións ou ampliacións se hai prazas e ata o xoves anterior á semana á que se estean anotando.

Uns días despois de cubrir o formulario (cara a fin de semana) recibiredes un correo coas indicacións para proceder ao pago.

A actividade precisa dun **número mínimo de participantes**, de non chegar ao mínimo nalguna semana non poderá ter lugar e poñerémonos en contacto convosco para comunicalo o día 9 de xuño e dar a opción de cambiar de modalidade, pasar a Mañás de Verán ou darse de baixa (reintegrando a diferenza ou a totalidade, segundo corresponda).

PREZOS

Inclúen a modalidade indicada (sen madrugadores nin comedor), con todo o material preciso para a mesma, seguro de responsabilidade civil e seguro de accidentes.

Ao mesmo tempo, existe un prezo para o público en xeral e outro máis reducido para os deportistas do Club e os socios do Centro Xuvenil Abeiro.

	Modalidade A	Mod. B/C	Mod. D/E	Modalidade F
Xeral	60€ / semana	138€ / semana	55€ / semana	133€ / semana
Club / Abeiro	50€ / semana	133€ / semana	45€ / semana	128€ / semana

Os días soltos só estarán permitidos nas modalidades A, D e E.

	Modalidade A	Modalidades D/E
Xeral	14 € / día	13€ / día
Club / Abeiro	12 € / día	11€ / día

IRMÁNS

No caso dun segundo, terceiro... irmá/n, o prezo destes será:

	Modalidade A	Mod. B/C	Mod. D/E	Modalidade F
Xeral	57€ / semana	136€ / semana	53€ / semana	132€ / semana
Club / Abeiro	48€ / semana	131€ / semana	43€ / semana	127€ / semana

Os días soltos, de novo, só estarán permitidos nas modalidades A, D e E.

	Modalidade A	Modalidades D/E
Xeral	13 € / día	12€ / día
Club / Abeiro	10 € / día	9,50€ / día

A **semana do 23 ao 27 de xuño**, como ten un día menos de actividade, terá un **desconto do 20%** en todas as modalidades e servizos.

DEVOLUCIÓN

En caso de baixa **antes do 6 de xuño** devolverase o **100% da inscrición**.

A partir desta data devolverase o **50% da inscrición** sempre e cando se realice a baixa **antes do martes anterior** á semana na que dita baixa teña lugar.

Se tedes algunha dúbida, podedes poñervos en contacto connosco por WhatsApp no 653 69 49 24 ou mandando un correo electrónico a club@clubsalesianoscoruna.es.

Desexando que poidamos seguir sendo futuro a través dun Deporte cada vez máis Educativo e máis Salesiano na nosa Casa, saudámosvos.

Unha aperta,



Club Salesianos Coruña